

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural, en concorrencia competitiva, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016. Consellería do Medio Rural. DOG N° 248 (30/12/2015)

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para fomentar a silvicultura en bosques no medio rural, en réxime de concorrencia competitiva, a través de dúas liñas de axuda.

As liñas de axuda obxecto de subvención son as seguintes:

- a) **Liña I:** Axudas para realización de prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permita crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible, como son rozas, clareos, claras e podas, coa finalidade de prevención de incendios.
- b) **Liña II:** Axudas para tratamentos silvícolas (claras, clareos, podas, talas de formación, rozas, etc) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculados ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques.

Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as sociedades ou agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC).
2. Os beneficiarios serán persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto a propietarios como arrendatarios ou xestores. Non se admite a cesión por partigo do propietario do terreo a un terceiro.
3. Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no rexistro provincial de montes veciñais en man común, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, para poder acceder a estas subvencións e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Intensidade da axuda

A intensidade da axuda para estas actuacións será do 100 % calculándose a axuda sobre o custo real do investimento determinado no correspondente proxecto técnico e no anexo VIII de cadro de importes subvencionables.

Actuacións obxecto de axuda e importes

Os tipos de actuacións obxecto de axuda e os importes por actuación son os seguintes:

Liña I: Axudas para realización de tratamentos silvícolas preventivos de incendios forestais.

1. Rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa superior a 6 cm e inferior a 12 cm e con unha densidade inicial de 2.000 pés/ha ou superior.

a) Rareos en masas de coníferas con diámetro normal medio da masa superior a 6 cm e inferior a 12 cm acadando unha densidade final entre 900 e 1.100 pés/ha: 1.031,41 €/ha.

b) Trituración dos restos, picadura ou extracción para o seu aproveitamento como biomasa: 682,68 €/ha.

No caso das masas de *Pinus sylvestris* L., as densidades máximas deste apartado poderán incrementarse nun 20 %.

Non se poderá solicitar a trituración dos restos, a picadura, nin a extracción para o seu aproveitamento como biomasa, no caso que o rareo se realice totalmente de forma sistemática e mecanizada, salvo que os restos que se obteñan despois do tratamento permitan o seu aproveitamento como biomasa.

2. Rozas previas ás podas, e podas en masas de coníferas: esta actuación irá dirixida á creación de descontinuidade tanto horizontal coma vertical en masas de coníferas.

a) Rozas previas á realización de podas en masas de coníferas: 515,16 €/ha.

b) Primeiras podas en masas de coníferas, ata unha altura mínima de 2 m e máxima 4 m, con diámetro normal medio comprendido entre 7 e 15 cm e cunha densidade final máxima da masa despois de realizar os traballos de 1.200 pés/ha: 605,70 €/ha.

c) Trituración de restos de poda, picadura ou extracción para o seu aproveitamento como biomasa: 682,68 €/ha.

No caso das masas de *Pinus sylvestris* L., as densidades máximas deste apartado poderán incrementarse nun 20 %.

Dentro deste apartado, terá que solicitarse obrigatoriamente a poda podéndose solicitar sobre a mesma superficie as rozas previas á realización de podas.

Liña II: Axudas para tratamentos silvícolas (claras, clareos, podas, talas de formación, rozas, etc) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculados ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques.

1. Tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio da masa entre 10 cm e 20 cm, considerando como tales aquelas cun mínimo dun 80 % de superficie ocupada por frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras e cunha densidade mínima destas de 400 pés/ha e altura media superior a 1,5 m:

a) Rozas: 696,73 €/ha.

b) Formación de guías nas que se manifeste nitidamente a dominancia apical e poda ata 1/3 da altura como mínimo: 508,40 €/ha.

- c) Selección de abrochos: 694,87 €/ha.
- d) Rareos: 837,08 €/ha.

Dentro deste apartado, poderán solicitarse e acumularse as súas accións sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 2.212,00 €.

2. Rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros cunha densidade mínima de 100 pés/ha:

- a) Rozas: 696,73 €/ha.
- b) Podas: 661,40 €/ha.
- c) Tratamento fitosanitario: 131,87€/ha.
- d) Aumento da densidade dos soutos mediante a plantación de castiñeiro resistente á tinta: 194,77 €/ha.

Dentro deste punto, poderán solicitarse e acumularse as súas accións sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 1.544,00 €.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das **solicitudes e dos traballos remata o 30 de xaneiro de 2016**

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a reforestación e para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016. Consellería do Medio Rural. DOG N° 248 (30/12/2015).

Obxecto das axudas e ámbito de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas e proceder a súa convocatoria para o ano 2016 en réxime de concorrencia competitiva

Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as sociedades ou agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC).

2. Os beneficiarios serán persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto a propietarios como arrendatarios ou xestores. Non se admite a cesión por partigo do propietario do terreo a un terceiro.

3. Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no rexistro provincial de montes veciñais en man común, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, para poder acceder a estas subvencións e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Liñas de axuda

1. As axudas obxecto de subvención son as seguintes:

Primeira forestación de terras non agrícolas con especies do anexo I. Unicamente inclúese a subvención de especies do anexo II ás superficies que, conforme cos apartados c, d, e e g do anexo 2 da Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, quedan reducidas exclusivamente a frondosas caducifolias.

Tipos de superficies obxecto de axuda

1. Poderán ser obxecto de axuda aqueles terreos que estean identificados no Sistema de Identificación Xeográfica de Parcelas Agrícolas (Sixpac) como:

- Forestal (FO)
- Pasto con arboredo (PA)
- Pasto arbustivo (PR)

2. Nos terreos nos que existise tradicionalmente arboredo ou que teñan fracción de cabida cuberta superior ao 20 %, non se poderán obter estas axudas.

3. En todo caso, será de aplicación o disposto no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.

4. A superficie de actuación será a suma da superficie de forestación máis a superficie da área de defensa.

5. As zonas a forestar, xa sexan terras agrícolas abandonadas, terreos de ermo, terreo con arbustos e matos ou arborado cunha fracción de cabida cuberta inferior ao 20 %, deberán estar identificadas nalgún dos tres grupos do Sixpac indicados no apartado 3.1 e en todo caso deberá cumprirse o establecido na Lei 7/2012, 28 de xuño, de montes de Galicia e a normativa de desenvolvemento, especialmente no referente a contar cun instrumento de ordenación ou xestión forestal ou instrumento equivalente conforme ao artigo 77 e 8.18 da citada Lei e no prazo que establece a disposición transitoria sexta da lei 7/2012.

Os montes con superficies superiores a 25 hectáreas en couto redondo deben contar cun plan técnico, proxecto de ordenación ou plan de xestión no que se considere a realización dos traballos solicitados ó abeiro da presente orde, ou presentar xunto coa solicitude de axuda unha copia da súa adhesión aos modelos silvícolas, de acordo ao establecido na disposición transitoria segunda do Decreto 52/2014 e segundo a Orde de 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

6. Non se poderá obter axuda sobre hábitats prioritarios.

Intensidade da axuda

A intensidade de axuda para estas actuacións será do 100 % calculándose a axuda sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico, establecidos exclusivamente sobre os custos de implantación

Actuacións obxecto de axuda e importes máximos subvencionables

As actuacións que poderán ser obxecto de subvención son as seguintes:

1. Gastos de plantación forestal e de área de defensa contra incendios forestais.
2. Infraestruturas de acompañamento ou obras complementarias das novas forestacións.

1. Gastos de plantación forestal e de área de defensa contra incendios forestais:

Estes gastos incluírán os necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, adquisición de planta, protección da planta mediante protectores, os titores, e outros materiais necesarios, así como os de plantación propiamente dita, área de defensa contra incendios forestais e labores inmediatamente posteriores a ela. O valor máximo do investimento en euros por hectárea de actuación, que se calculará aplicando os custos de referencia recollidos no anexo III, é o seguinte:

- Especies do anexo I (coníferas): 1.853,00.

- Especies do anexo II (frondosas): 2.398,00.

Este valor máximo de investimento por hectárea de actuación incluíra outras axudas compatibles de inversións para incremento da capacidade de adaptación e valor medioambiental dos ecosistemas forestais ou de prevención e reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes concedidas na mesma superficie nos últimos 5 anos.

2. Infraestruturas de acompañamento, obras complementarias e cartel das novas forestacións que se realicen ao abeiro desta orde. Estarán suxeitas aos seguintes condicionantes:

- Deberanse localizar dentro ou estremeira coa área obxecto de forestación.
- O valor máximo do investimento en euros por quilómetro de actuación que se calculará aplicando os custos de referencia recollidos no anexo III, é o seguinte:
 - 255,00€ por cartel (máximo subvencionable un cartel por solicitude).
 - 7.580,00€ por km de peche perimetral.
 - 2.956,07€ por km de arranxo de pista forestal.

– A repercusión máxima por ha de actuación será a seguinte:

	Euros por ha de actuación
Peche	280,00 €
Arranxo pistas forestais	120,00 €

– Peche perimetral: No caso de pro-indivisos, as comunidades de bens, as cooperativas agrícolas, comunidades de montes veciñais en man común, entidades locais, outras persoas xurídicas ou sociedades e agrupacións de propietarios legalmente constituídas poderase subvencionar ademais o peche da plantación realizada, sempre e cando, a superficie de actuación sexa de polo menos 9 hectáreas, e se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinxética, ...).

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das **solicitudes e dos traballos remata o 30 de xaneiro de 2016**

ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2016 as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Consellería do Medio Rural. DOG N° 248 (30/12/2015).

Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais e proceder á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Investimentos subvencionables

1. Poderanse subvencionar investimentos en activos fixos produtivos e plans de mellora de xestión empresarial en empresas de aproveitamento e primeira transformación de produtos forestais. Os investimentos a subvencionar deben ser novos e non se poden iniciar antes de presentar a solicitude de subvención. En ningún caso se poderán subvencionar investimentos que se utilicen para producir bens de consumo final.

2. O IVE non é subvencionable, salvo que, segundo o disposto no artigo 69.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE.

Investimentos en activos fixos produtivos

1. Poderán ser subvencionables os **investimentos relativos ás operacións de aproveitamento, transformación e comercialización dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais)**. Os investimentos destinados a biomasa e outros produtos forestais distintos da madeira só serán subvencionables cando estes produtos teñan a súa orixe e se recollan no monte.

2. Non se considerarán substitucións de investimentos, salvo no caso de incremento de potencia, prestacións ou capacidade de produción, no que se subvencionará o diferencial de custo. Non se considerarán substitucións cando o novo investimento vai traballar no sitio doutro similar que estea totalmente amortizado e que se considere obsoleto, sen valor comercial como equipo de segunda man.

Non será subvencionable ningún proceso que de como resultado un produto de consumo final.

3. Consideraranse con carácter exclusivo os seguintes:

a) Bens de equipo e instalacións en empresas de recollida, manexo, acondicionamento e comercialización de produtos forestais non madeireiros (cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais). No caso de produtos forestais alimentarios non se considerarán os investimentos relativos ao acondicionamento.

b) Maquinaria específica, apeiros e implementos que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal: asteladoras, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa.

- c) Acondicionamento e instalacións en parques intermedios de rolla ou biomasa.
- d) Procesadoras, autocargadores, arrastradores forestais e outros equipos de corta e/ou saca de madeira, así como as adaptacións e implementos. Os implementos deberán ir instalados en equipos propiedade da empresa.
- e) Equipos tractocargadores completos e implementos forestais dos mesmos (Os tractores deberán ter cabinas adaptadas para o xiro do operario sentado, proteccións forestais en cabina, rodas e baixos, e irán dotados de guindastre, cabrestante e remolque forestal de tracción. Estas adaptacións exixiranse tamén aos tractores orientados á recollida de biomasa, limitándose o importe da máquina tractora ao 60 % do valor do equipo).
- f) Rozadoras, en número non superior ós equipos de saca de madeira ou biomasa propiedade da empresa.
- g) Instrumentos de medición de masas forestais, en número non superior á maquinaria de saca de madeira ou de biomasa.
- h) Maquinaria e instalacións para procesado da biomasa forestal para producir enerxía: astelado, almaceamento, clasificación, caracterización, secado e acondicionamento da biomasa forestal. Só serán subvencionables cando a biomasa teña a súa orixe e recollida no monte. Non é subvencionable a fabricación de pellets nin ningún proceso que de cómo resultado un produto de consumo final. Non é subvencionable a obra civil, excepto a necesaria para o acondicionamento do parque de materia prima e produto (sempre e cando non se trate dun produto de consumo final) e para a instalación dos equipos.
- i) Maquinaria e instalacións de primeira transformación da madeira en serras que non superen os 10.000 m³ de madeira en rolo empregada para aserrado. Non é subvencionable a obra civil, excepto a necesaria para o acondicionamento do parque de rolla ou táboa e para a instalación dos equipos.

Beneficiarios

Os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser peme (pequena e mediana empresa) do sector forestal radicada en Galicia
- b) Acreditar a súa viabilidade económica.
- c) Deberán cumprir a normativa ambiental, que se acreditará coa presentación do documento de alta no imposto de actividades económicas (IAE) (ou certificación da Axencia Tributaria relativa ao mesmo) e unha declaración xurada do solicitante de que a empresa cumpre coa normativa ambiental.
- d) Deberán ter un seguro en vigor de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención e un contrato de prevención de riscos laborais.
- e) Deberán estar inscritos no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).
- f) Deberán ter, polo menos, o 33 % do cadro de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido. Para as empresas de nova creación bastará o compromiso de acadar, como mínimo, o 33 % de estabilidade laboral ó remate do prazo concedido para xustificalo investimento. Non será necesario cumprir este requisito nas subvencións inferiores a 60.102 euros.

Importe das axudas

1. Os investimentos en bens de equipo, recollidos no artigo 3, **terán unha subvención básica dun 30%, que poderá incrementarse ata un máximo do 40 %** dos gastos elixibles segundo os criterios indicados no anexo II.

Os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial recollidos no artigo 4 subvencionaranse con unha axuda dun 40 % dos gastos elixibles.

2. **Estas axudas poderán acumularse con calquera outra axuda estatal**, sempre que ditas medidas de axuda se refiran a investimentos subvencionables diferentes, ou con calquera outra axuda estatal de fondos non comunitarios en relación cos mesmos custos subvencionables, unicamente se tal acumulación non supera o 50 % de axuda, de acordo co indicado no artigo 8 do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.

3. A axuda máxima por **solicitante limitarase a 150.000 euros**.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das **solicitudes e dos traballos remata o 30 de xaneiro de 2016**

ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catastrofes en montes veciñais en man común e Sofor, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016. Consellería do Medio Rural. DOG N° 248 (30/12/2015).

Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que os titulares de montes veciñais en man común, as súas agrupacións e as Sociedades de Fomento Forestal (en adiante Sofor) poderán percibir para a posta en marcha de actuacións preventivas contempladas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2016 en réxime de concorrencia competitiva.

2. De acordo co devandito obxecto establécense dúas liñas de subvencións:

a) Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible

b) Liña II: subvencións para a construción de puntos de auga

Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións os titulares de montes veciñais en man común, as súas agrupacións e mancomunidades, e as Sofor sempre que non incorran en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. As actuacións localizaranse en zonas de alto ou medio risco de incendios, o sexa, que poderá abranguer todo o territorio de Galicia, conforme ao disposto na Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

Superficies forestais mínimas para solicitar subvencións

A superficie forestal mínima por expediente en comunidades de montes veciñais en man común será de cen hectáreas (100 ha).

Para acadar a superficie as Comunidades de Montes Veciñais en man Común (en adiante CMVMC) poderán formar unha agrupación, sempre que as CMVMC se empracen nunha mesma provincia e ademais cumpran con algún destes requisitos:

a) Localización nun mesmo concello.

b) Localización en concellos limítrofes sempre que sexan estremeiras.

3. Nas Sofor e excepcionalmente, no caso de que a CMVMC, mancomunidade ou algunha das CMVMC que integren a agrupación estivese localizada nalgún concello incluído en espazo declarado como zona de especial protección dos valores naturais, segundo o recollido no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais (DOG núm. 69, do 12 de abril) ou nalgún dos incluídos na zona de especial protección para as aves de A Limia segundo o Decreto 411/2009, do 12 de novembro

(DOG núm. 230, 24 de novembro), a superficie mínima a que fai referencia o primeiro parágrafo sería de 50 ha.

Actividades subvencionables, importes, contías e criterios de selección

1. As accións subvencionables, así como os importes e as porcentaxes máximas a subvencionar recóllense nos capítulos II e III desta orde para cada liña de subvención.
2. Os criterios específicos de valoración para a adxudicación de subvencións recóllense igualmente nos capítulos II e III para cada unha das liñas de subvención.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 30 de xaneiro de 2016